

IBERGRID

May 20-22, 2009
Valencia (Spain)

ABERTO O PRAZO PARA PARTICIPAR EN IBERGRID 2009

A Universidade Politécnica de Valencia (UPV) organiza **IBERGRID'2009**, que se vai celebrar do **20 ao 22 de maio de 2009**. Previo ao evento, o día 19 de maio, levarase a cabo un obradoiro sobre supercomputación.

O prazo está aberto ata o 25 de febreiro para a presentación de *papers*.

A Conferencia IBERGRID iniciouse en 2007 no marco do acordo bilateral para a Ciencia e a Tecnoloxía, asinado en novembro de 2003 entre Portugal e España, co obxectivo de potenciar a construción dunha infraestrutura común de rede ibérica e para fomentar a cooperación nos ámbitos da rede, a informática e a supercomputación. O principal obxectivo da conferencia **IBERGRID'2009** é constituír un foro no que os avances no desenvolvemento das infraestruturas de rede, as tecnoloxías e as aplicacións sexan discutidos polos principais expertos dos países Ibéricos e Latinoamericanos. O lema da edición deste ano é "*Cara a unha Rede Internacional: Un Traballo de todos*".

A conferencia céntrase nos plans para o futuro e as actividades de integración no marco da Unión Europea e no escenario internacional de e-Ciencia. As grandes redes son cruciais para facer fronte a moitos dos problemas existentes na ciencia e a enxeñaría e son cada vez máis importante nos negocios, no coidado da saúde, o medio e noutras aplicacións.

A 3ª conferencia IBERGRID é unha excelente oportunidade para reunir unha comunidade ampla de profesores universitarios, investigadores, estudantes, especialistas e profesionais da industria en todas as ramas do coñecemento que comparten unha necesidade común, o almacenamento de cantidades inxentes de información.

Tedes á vosa disposición o correo ibergrid09@upv.es para realizar preguntas sobre a conferencia.

Datas Importantes:

Recepción de papers: 25 febreiro, 2009

Obradoiro sobre Supercomputación: 19 maio, 2009

Conferencia en Valencia: 20-22 maio, 2009

Mais información en: <http://www.ibergrid.eu> ([temas de interés](#) e [estructura dos papers](#))